

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) subscribiu no primeiro cuadrimestre do ano 2011 os seguintes convenios:

Nº: 1

TÍTULO: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Federación Galega de Asociacións de Fontanería, Calefacción e Afíns (Fegafón).

OBXECTO: establecer as bases da colaboración entre o Inega e Fegafón en materia de normativa enerxética edificatoria. Inclúe a realización de 4 edicións da acción formativa "Curso de climatización e ventilación adaptado a nova normativa enerxética edificatoria".

SINATURA: 11-xaneiro-2011

IMPORTE: 30.000 €

Nº: 2

TÍTULO: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Asociación Clúster da Eficiencia e a Xestión Enerxética Galega (CEXEGA) en materia de normativa enerxética edificatoria.

OBXECTO: establecer as bases da colaboración entre o Inega e CEXEGA en materia de normativa enerxética edificatoria. Inclúe a realización de 4 edicións da acción formativa "Curso de inspeccións da eficiencia enerxética en edificios".

SINATURA: 11-xaneiro-2011

IMPORTE: 25.000 €

Nº: 3

TÍTULO: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).

OBXECTO: establecer as bases da colaboración entre o Inega e o COAG en materia de normativa enerxética edificatoria. Inclúe a realización de 4 edicións da acción formativa "Curso de aplicación práctica da normativa enerxética na edificación".

SINATURA: 11-xaneiro-2011

IMPORTE: 25.000€

Nº: 4

TÍTULO: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (ICOIIG).

OBXECTO: establecer as bases da colaboración entre o Inega e o ICOIIG en materia de normativa enerxética edificatoria. Inclúe a realización de 4 edicións da acción formativa "Curso de aplicación do Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (RITE) adaptado á normativa enerxética edificatoria".

SINATURA: 11-xaneiro-2011

IMPORTE: 25.000 €

Nº: 5

TÍTULO: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais (CGETI)

OBXECTO: establecer as bases da colaboración entre o Inega e o CGETI en materia de normativa enerxética edificatoria. Inclúe a realización de 6 edicións da acción formativa "Curso de certificación enerxética adaptado á nova normativa enerxética edificatoria".

SINATURA: 11-xaneiro-2011

IMPORTE: 25.000 €

Nº: 6

TÍTULO: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Fundación Sotavento Galicia para a realización de accións formativas en materia de normativa enerxética edificatoria.

OBXECTO: establecer as bases da colaboración entre o Inega e a Fundación Sotavento Galicia en materia de normativa enerxética edificatoria. Inclúe a realización de 5 edicións da acción formativa "Certificación Enerxética de Edificios: aplicación de solucións técnicas innovadoras".

SINATURA: 18-xaneiro-2011

IMPORTE: 52.872 €

Nº: 7

TÍTULO: convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación.

OBXECTO: a participación nas actividades da EGAP do persoal dependente do Inega, a colaboración e desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materia da competencia das institucións asinantes.

SINATURA:10- febreiro-2011

IMPORTE: 0,00 €

Nº: 8

TÍTULO: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), Philips Ibérica SAU e os concellos de Ribeira, Cervo, Xove, A Peroxa, San Cibrao das Viñas e Vilanova de Arousa para a realización dun proxecto piloto de iluminación pública exterior en diversos concellos da comunidade autónoma de Galicia.

OBXECTO: establecer as condicións e modo nos que se vai desenvolver o proxecto piloto de iluminación exterior nestes concellos. Comprende a realización de estudos e determinación do proxecto técnico, co obxecto de testar as posibilidades de uso e implantación de novas tecnoloxías de iluminación exterior (LED) achegadas por Philips Ibérica SAU cara a redución do consumo enerxético e o uso racional da enerxía.

SINATURA:28-febreiro-2011

IMPORTE: 126.964,65 €

Nº: 9

TÍTULO: convenio de colaboración entre Sotavento Galicia, S A e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para impulsar as tecnoloxías renovables e difundir o carácter experimental e demostrativo das instalacións do Parque Eólico Experimental Sotavento.

OBXECTO:establecer as condicións de colaboración entre o Inega e Sotavento Galicia S A para impulsar as tecnoloxías vinculadas ao desenvolvemento das enerxías

renovables e difundir o carácter experimental e demostrativo das instalacións do
Parque Eólico Experimental Sotavento.

SINATURA:1-marzo-2011

IMPORTE: 137.000 €